Etapas para a presentación: guía rapida

Cita previa para a presentación de teses:

Para o depósito da tese de doutoramento, recoméndase solicitar cita previa no seguinte enlace:

http://reservatese.webs.uvigo.es

Nos casos nos que a tese de doutoramento non se entregue de forma presencial senón que se envíe por correo interno, é aconsellable reservar tamén unha cita para a revisión da súa tese. De non facelo, asignaráselle un turno de oficio, en función das dipoñibilidades existentes.

O servizo de posgrao notificará por correo electrónico a aprobación de cada trámite.

REQUISITOS PREVIOS

- Estar matriculado/a no curso académico actual.
- Os datos da tese serán incorporados directamente polo/a doutorando/a na base de datos TESEO.
- Contar coa avaliación dun plan de investigación actualizado acompañado dos informes favorables do titor/a e do director/a.
- O título do plan de investigación, aprobado na última avaliación anual, e o título da tese deben ser coincidentes.
- O documento de actividades actualizado, coa/s avaliación/s anual/anuais que correspondan e, se é o caso, das actividades formativas obrigatorias e outros requirimentos específicos da memoria de verificación do programa de doutoramento.
- Compromiso documental de supervisión debidamente asinado.

Formato tese:

En formato electrónico (PDF) e 1 exemplar en papel, seguindo as normas de estilo aprobadas pola Comisión Permanente da EIDO, obligatorias dende setembro do 2016.

- *Importante*: No apartado "Normativas" pode acceder ás normas de estilo de presentación de teses de doutoramento na Universidade de Vigo.

- Ambos deberán conter a autorización do/a/s director/es/as da presentación da tese para a súa defensa.

- Resumo de polo menos 3000 palabras en galego ou castelán se a tese non está redactada nestes idiomas.

Impresos:

Pódese acceder aos formularios de doutoramento no enlace uvigo.es/formularios_dout

TC24: Informe de autorización para a defensa da tese emitido pola CAPD.

TC25: Proposta da composición do tribunal da tese de doutoramento aprobada pola CAPD

TC32: Curriculum de cada membro do tribunal proposto

-Autorización para o repositorio institucional investigo.

Tribunal:

Proposición: 6 membros (a maioría deberán ser membros externos á universidade ou institucións participantes no programa). Debe cumplir os requisitos de paridade e externalidade.

Tribunal nomeado: 3 titulares e 2 suplentes (mínimo entre titulares un/unha de cada sexo, e entre todos/as dous/dúas de cada sexo)

- No caso de teses presentadas pola modalidade tradicional (non por compendio de artigos), segundo o disposto na "Guía de boas prácticas para a dirección de teses de doutoramento", aprobada pola Comisión permanente da EIDO, na sesión do 20 de maio de 2016, presentará:

- A declaración de que ningún capítulo da tese sexa transcrición exacta dunha publicación previa.

- Presentar, se é o caso, as autorizacións que correspondan das persoas coautoras dos artigos presentados como anexos (nunca como corpo da tese).

Mención Doutoramento internacional:

Ten que acreditalo coa presentación da seguinte documentación:

- 2 informes favorables previos á presentación da tese de 2 expertos/as doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non español.
- Acreditación dunha estadía mínima de 3 meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio.
- Escrito do/a director/a da tese avalando a estadía.
- Escrito da CAPD do programa de doutoramento autorizando da estadía.
- Parte da tese (obrigatorio como mínimo a introdución, o resumo e mailas conclusións) deberán estar escritas e defenderse nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento,

distinta a calquera das linguas oficiais en España (excepción país de fala hispana).

- O tribunal debe conter polo menos unha persoa experta pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutor/a, esta persoa será distinta do/a responsable da estadía (as mesmas condicións rexen para os suplentes do tribunal) e dos/as informantes externos da tese.

Tese por compendio de artigos de investigación:

Cada publicación deberá facer constar a adscrición do/a doutorando/a á universidade na que está desenvolvendo o programa de doutoramento.

Documentación adicional que se debe aportar:

- Informe da/s persoa/s que dirixe/n a tese, coa aprobación da Comisión académica do programa de doutoramento, o cal debe especificar:

1. A idoneidade da presentación da tese baixo esta modalidade
2. Os indicios de calidade das publicacións presentadas
3. A contribución do/a estudante de doutoramento se hai máis coautores/as

- Aceptación por escrito dos/as coautores/as de que o/a doutorando/a presente o traballo como parte da súa tese.
- Renuncia por escrito dos/as coautores/as non doutores/as á presentación
- . dos traballos como parte doutra tese de doutoramento.
- Un mínimo de 3 artigos de investigación, publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación en revistas indexadas no JCR ou en índices equivalentes segundo os criterios CNEAI da rama.

A tese debe incluír:

Introdución

Obxectivos que se deben alcanzar

Discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos

Conclusións e bibliografía común

Copia íntegra das publicacións

Prazos:

- Prazo de depósito e exposición pública da tese: 10 días hábiles en período lectivo a partir da revisión administrativa, periodo no que calquera doutor/a poderá consultar a tese ou facer alegacións.

Debido á cantidade de documentos e comprobacións necesarias consonte ao establecido na regulación actual (R.D.99/2011), cómpre ter en conta que poden ser precisos varios días dende a entrega da documentación ata que se efectue o

depósito. Polo que, este só será efectivo unha vez comprobado todo o expediente e cando se publique na web e se notifique ao interesado.

- Aprobación na Comisión Permanente da EIDO, a cal autoriza a admisión a trámite da tese e nomea o tribunal.

- Emisión de informes e data de lectura:

20 días naturais para informes dende a recepción da tese (membros do tribunal)

- Recibidos os informes, a EIDO autoriza a presentación da tese.

- O/A presidente do tribunal convoca e o/a secretario/a comunicará a data e hora e lugar da lectura da tese con antelación mínima de 10 días hábiles a partir da notificación.

- 5 días hábiles posteriores ao día de exposición e defensa da tese para a remisión da documentación, da que será responsable o/a secretario/a do tribunal ou profesor/a en quen delegue.

Lectura da tese e defensa pública:

Cualificacións: Non Apto, Aprobado, Notable, Sobresaliente

Mención cum laude, mediante voto secreto dos membros do tribunal (require unanimidade de votos positivos)

Duración da tramitación: A defensa pública deberá ter lugar nun prazo máximo de 3 meses dende a autorización da defensa.

Solicitude do título de doutor/a

Despois da defensa da tese e da entrega das actas polo/a secretario/a do tribunal ou persoa que se indique (pode achegarse a través do correo interno ou do rexistro xeral de cada campus), o/a alumno/a pode solicitar o título de doutor/a no servizo de Posgrado presentando:

Fotocopia do NIF en vigor

Partida de nacemento se o/a alumno/a é estranxeiro/a

Copia das titulacións de acceso (só no caso de que as titulacións non sexan expedidas pola Universidade de Vigo) e orixinais para cotexo.